


Informe de revisión do sistema pola dirección. Curso: 14/15



Datas das reunións:: 11/12/2015 e 14/12/2015



Datas das reunións: 11/12/2015 e 14/12/2015

Listado de asistentes ás reunións:

Ana María Pita Grandal (Decana, Presidenta da Comisión de Calidade e Coordinadora do Máster en Dereito de Empresa, integrante da Comisión de Calidade)

M^a Cruz Barreiro Carril (Secretaria da Facultade)

Jaime Aneiros Pereira (Vicedecano, responsable de infraestructuras e contabilidade)

Rafael Fernández Acevedo (Vicedecano, Coordinador do Grao en RRLL e RRHH, integrante da Comisión de Calidade)

Francisco Torres Pérez (Vicedecano, Coordinador de Calidade do Centro, Coordinador de Prácticas externas, integrante da Comisión de Calidade)

Luis Muleiro Parada (Secretario do Máster en Dereito de Empresa, integrante da Comisión de Calidade)

Carmen Ruiz Hidalgo (Coordinadora do Grao en Dereito, integrante da Comisión de Calidade)

Emma Rodríguez Rodríguez (Coordinadora na UVigo do Máster en Xestión e Dirección Laboral, integrante da Comisión de Calidade)

Isaac Borja Araújo Figueroa (Bolseiro de Calidade curso 15/16, integrante da Comisión de Calidade)

Alba López Rodríguez (Alumna do MDE, Representante do alumnado dos mestrados, integrante da Comisión de Calidade)

Excusan a súa falta de asistencia:

Pilar Allegue Agüete (Vicedecana responsable de docencia e TFG)

María Antonia Arias Martínez (Coordinadora do Máster en Avogacía da UVigo Vigo-Pontevedra).

I ANTECEDENTES

1. Introducción

1.1.- **A presente reunión ten por obxecto** elaborar o denominado Informe de revisión pola Dirección. Trátase dun documento chave na política de calidade dos centros da UVigo que encuádrase nos procedementos estratéxicos da mesma. En concreto, é no prodemento-03 chamado Revisión do sistema pola dirección.

A aprobación deste documento trascende á Comisión de Calidade dado que ao tratarse da plasmación dun procedemento estratéxico, fai necesaria a participación daquelas persoas que teñan función directivas no Centro.

Por tal motivo, este documento tense supervisado ademais das persoas integrantes da Comisión de Calidade, polas Vicedecanas e Vicedecanos do Centro, a Secretaria da Facultade e ás responsables de relacións internacionais do Centro, que asistiron ás reunións.

1.2.- O **estado actual do Sistema Interno de Garantía de Calidade** pódese resumir da seguinte forma:

1.2.1.- A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo aprobou os procedementos do SGIC que se incluían na memoria de verificación do título na Xunta de Facultade celebrada o 25 de setembro de 2008. O 22 de decembro de 2011 tal órgano aprobou unha corrección técnica dos procedementos incluídos no manual de calidade. O 24 de setembro de 2013 aprobáronse os novos procedementos de calidade. Con carácter previo á aprobación de tódolos procedementos e do Manual pola Xunta, estes foron debatidos e valorados no seo da Comisión de Calidade do Centro.

1.2.2. A actualización e mellora do segundo bloque, relacionada coa área de procesos estratéxicos e co Manual de Calidade, elaborouse en 2014 pola Área de Apoio á Docencia e á Calidade e foi validada e aprobada o 6 marzo de 2015 pola Comisión de Calidade e a Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o 29 de abril de 2015, aprobouse unha nova versión do Manual de Calidade que incorpora os novos procedementos da Universidade de Vigo relativos ao SGIC. Finalmente, o pasado 6 de xullo de 2015 puxéronse en coñecemento da Xunta de Facultade, para o seu visto bo, os novos procedementos estratéxicos da Universidade de Vigo relativos ao SGIC.

Estes novos procedementos substitúen a varios dos procedementos ata agora en vigor. O novo Manual de calidade do centro, a definición da misión e visión do centro, da súa política e obxectivos de calidade, dos indicadores e metas vinculados aos obxectivos, dos procedementos e dos novos rexistros vinculados aos procedementos de docencia, xestión documental, dirección estratéxica, xestión da calidade e mellora continua permiten recoller a información de xeito continuo, analizar os resultados e utilíalos para a toma de decisión e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo co establecido.

1.2.3.- A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo cursou, con data de 10 de setembro de 2014, a solicitude para someterse á avaliación do seu SGIC, co obxectivo de acadar a certificación de implantación do mesmo. Trala visita do equipo auditor, que tivo lugar no mes de febreiro de 2015, recibíuse o informe definitivo de certificación de implantación do SGIC o 3 de xuño de 2015 (certificado 2/2015).

O informe é favorable destacando, ademais, como fortalezas o compromiso coa calidade e coa mellora continua das ensinanzas nos seis títulos oficiais que se imparten no Centro. A participación desde o ano 2008 en programas de xestión da calidade e a continua evolución da tarefa de debate e valoración feita pola Comisión de Calidade. Por último, valórase positivamente o axuste da documentación e a total transparencia documental relativa a todos os órganos do Centro.

Non obstante, en dito informe, sinálanse certas non conformidades así como oportunidades para a mellora. Estas indicacións do equipo auditor, téñense valorado, corrixido e, no seu caso, incorporado como acción de mellora no presente informe.

1.3.- Durante o curso 2014/2015 tiveron lugar os seguintes **cambios organizativos no Centro**:

1.3.1.- **No ámbito de xestión** identificamos os seguintes cambios organizativos.

1.3.1.1.- Nomeamentos:

Nomeáronse como Vicedecanos a Rafael Fernández Acevedo, Jaime Aneiros Pereira e Francisco Torres Pérez. Asumindo, respectivamente, responsabilidades en materia de docencia e titulacións, infraestruturas e calidade.

Nomeouse como Secretaria da Facultade a M^a Cruz Barreiro Carril.

Na Coordinación dos graos, durante o citado curso, nomease como Coordinador do Grao en RRLL e RRHH a Rafael Fernández Acevedo.

En materia de xestión das prácticas externas, nomeáronse como coordinadores de prácticas externas curriculares e extracurriculares a Francisco Torres Pérez.

Na xestión dos programas de mobilidade, nomease como coordinadora do programa Erasmus para o grao en Dereito a Soraya Rodríguez Losada.

1.3.1.2.- Creación de comisións:

Ademais, temos que sinalar que no curso 14/15 creáronse as comisións específicas de coordinación no grao en Dereito e no Máster en Avogacía coa Facultade en Dereito e cos Colexios de Avogados nos que se imparte tal título. Tamén creouse unha comisión específica de coordinación no programa de simultaneidade ADE-Dereito.

1.3.1.2.- Melloras mais salientábeis de infraestruturas:

- Habilitación de espazos, en particular a Aula A209 de carácter multiusos.
- Reordenación de espazos e creación de novos despachos para o PDI.
- Illamento térmico e solar des despachos e zonas comúns
- Reforma e actualización da aula informática dotándoa con 45 postos de traballo.
- Mellora da páxina web do Centro.

1.3.2.- **Na oferta formativa** temos que salientar que durante o curso 14/15 seguiu-se coa implementación dos cursos do plan de estudos modificado tanto no Grao en Dereito como no Grao en RRLL e RRHH.

No grao en Dereito ofertáronse tres materias (Dereito Mercantil I, Dereito Financeiro e Tributario e Dereito Administrativo II) para o alumnado do “Plan Vello” de 2º curso que desexaba seguir co plan de estudos co que comezaron a súa carreira. Ademais, nas materias que tiña coincidencia de créditos, contidos e cuadrimestre en ámbolos dous plans, permitiuse a asistencia do alumnado do Plan vello ás sesións teórico prácticas do Plan novo para facilitar a terminación dos seus estudos. O desenvolvemento destas materias levouse a cabo sen incidencias.

Durante o curso 2014/2015, ofertouse un curso específico para a formación en inglés na Facultade coa colaboración do Centro de Linguas, coa finalidade de que o profesorado adquirise as competencias e coñecementos necesarios para a impartición de docencia en inglés.

En relación con este tema, as docentes Soraya Rodríguez Losada e María Cruz Barreiro Carril conseguiron a acreditación HELA da UVIGO para impartir docencia en inglés na materia Business Taxation (Régime Fiscal da Empresa), que ofertouse por primeira vez no curso 2015/16. Tamén os docentes Aday Jiménez Alemán e Annina Bürgin comezaron no mesmo curso a impartir docencia en inglés, en particular, a materia Dereito Comunitario no programa de Simultaneidade ADE-Dereito.

No que atinxe aos mestrados, hai que sinalar que o Máster en Menores en situación de conflito e desprotección social obtivo a súa acreditación pola ACSUG trala visita do equipo auditor no mes de febreiro de 2015.

Polo demais, tamén temos que indicar a extensa oferta de cursos, xornadas e seminarios que organizáronse no Centro durante o curso 14/15. Hai que resaltar que, na maioría dos casos, trátase dunha formación aberta a calquera persoa interesada e de carácter gratuíto o que constitúe un claro reflexo da preocupación do noso centro pola sociedade e os diversos grupos de interese. Unha listaxe de parte dos mesmos é a que segue:

- Jornadas Internacionales. La financiación de los Puertos en España y en la UE: Costes y beneficios para los operadores portuarios. Vigo, 1 y 2 de julio del 2015. TRIPTICO CONGRESO
- Conferencia internacional “La aplicación extraterritorial del Derecho de la UE”, Vigo 18-19/06/2015 Jornadas Vigo, 18 y 19 junio
- Desafíos na construción do mercado interior europeo: cooperación xudicial, en materia mercantil, civil e penal. Curso Jean Monnet 8 -12 JUNIO
- “Influencias cristianas e impedimentos para el matrimonio en la antigüedad tardía” Jueves, 4 de Junio de 2015 Conferencia Salvatore Puliatti
- II Jornadas hispano – lusas de contratación pública, 29 de Mayo de 2015
- Relaciones entre los ordenamientos jurídicos de la UE Y de los estados miembros. Jornada 21 de mayo 2015
- Seminario de Derecho Romano día 19 de mayo del 2015
- Foro de Encuentro de Justicia y Trabajo, 8 de mayo.
- IV Ciclo Actividades sobre Derecho Marítimo 9, 27 de marzo e 7, 14 e 21 de abril
- Jornada “Cooperativismo e Igualdad de Género” 10 de abril

- Seminario " Sustainable Development of Transport in Europe" F. Pellegrino 13 y 14 de abril
- I Seminario Facultad de Ciencias Jurídicas y del Trabajo de la Universidad de Vigo – Universidade de Marília. "Nuevas propuestas fiscales en el ámbito interno e internacional" 25 de marzo
- Jornada sobre el Derecho del Mar, 28 de novembro 2014
- Seminarios "La protección de la vulnerabilidad de las personas trabajadoras"
- Congreso nacional "La indemnización por daños en el derecho de la competencia y de la propiedad industrial e intelectual" – outubro de 2014
- II Ciclo de conferencias de Derecho Concursal - outubro de 2014
- Jornada "Igualdad de Género y poder de decisión en la empresa" – 12 de novembro de 2014
- Seminarios "Programa de doctorado en Ordenación Jurídica del Mercado" IX Seminario Internacional de Contratación Pública - outubro de 2014
- Seminario Internacional "El proceso contencioso-administrativo en el Derecho comparado: las experiencias colombiana, portuguesa y española" – setembro de 2014
- Congreso Internacional de Errores Médicos y Eventos Adversos – setembro de 2014

Unha listaxe completa destas actividades, pódese atopar no seguinte link da páxina web do Centro:

<http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/investigacion/congresos-e-seminarios/?lang=es>

Non obstante, como proposta de mellora considérase que tódolos cursos a celebrar no Centro debería ser comunicados necesariamente ao Decanato para que procedera a actualizar o repositorio da páxina web. Asimesmo sería conveniente por un cartel/programa do curso na porta da aula ou do salón de graos cunha antelación de, como mínimo cinco días antes do curso.

1.3.3.- En relación co desenvolvemento do TFG no Grao en Dereito e no grao en RRL e RRHH, temos que indicar que tralas dificultades que se atoparon nos informes de coordinación do curso 13/14, celebrouse un Taller de elaboración de TFG no mes de febreiro de 2015 tanto para o alumnado de cuarto curso de grao de ámbalas dúas titulacións citadas.

1.3.4.- No que atinxe a **relacións internacionais**, compre salientar os seguintes datos dos programas de mobilidade nos que participa o Centro, así como certas propostas de mellora da páxina web do centro.

1.3.4.1.- Programa Erasmus+

Durante o curso académico 2014/2015, 14 alumnos e alumnas do Grao en Dereito participaron no programa de mobilidade Erasmus+. Do total de alumnado que participou no programa, 8 realizaron o intercambio durante o curso completo, e 6 durante un cuatrimestre.

Polo que respecta ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, participaron 7 alumnos e alumnas no programa de mobilidade Erasmus+. Do total de alumnado que participou no programa, 3 realizaron o intercambio durante o curso completo, e 4 durante un cuatrimestre.

No que se refire ao número de estudantes estranxeiros recibidos na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, durante o curso académico 2014/2015 recibimos a 15 alumnos e alumnas.

O número de convenios de intercambio no marco do Programa Erasmus+ vixentes durante o curso académico 2014/2015, e aos que puido acceder o alumnado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo foi de 32. Con respecto ao curso académico anterior, a oferta de destinos incrementouse coa sinatura de 5 novos convenios Erasmus+.

Polo que respecta ao vindeiro curso académico 2015/2016, en liñas xerais manterase a oferta de destinos para os estudantes da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Neste punto, é un factor decisivo para as Universidades de destino do noso alumnado no momento da sinatura do novo convenio ou da renovación dun convenio preexistente, a oferta de materias en inglés na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. En particular, asináronse novos convenios coa Universidade de Parma (Italia), Bolonia (Italia), e Szczecin (Polonia). Así mesmo, atopámonos na fase final das negociacións coa Universidade de Olomuc (República Checa) para a sinatura dun novo convenio entre as Facultades de Dereito desa Universidade e a de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

Detectáronse, durante o curso académico 2014/2015 dificultades polo que respecta á elaboración dos contratos de estudo do alumnado Erasmus+ que recibimos no centro, debido á reducida oferta de materias impartidas en inglés na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Esta cuestión inflúe tamén, de maneira negativa, á hora de prorrogar a vixencia dos acordos Erasmus+ coas Universidades de destino, xa que consideran que a oferta de materias en inglés á que poden optar os seus alumnos é insuficiente.

Neste punto, seguindo a liña de actuación de varias Universidades estranxeiras, consideramos que pode ser interesante a organización de diversos seminarios en inglés dirixidos especialmente a alumnado dos programas de mobilidade que, conxuntamente coas materias ofertadas en inglés do plano de estudos, lles permita acadar o número de créditos esixido pola convocatoria Erasmus+. Esta iniciativa non só implicaría un aumento do número de convenios asinados no marco do programa Erasmus+, senón que facilitaría a negociación da prórroga dos acordos xa existentes.

1.3.4.2.- Convenios bilaterais con outras Universidades

Unha alumna do Grao en Dereito participou nun programa de mobilidade coa Universidade de Magallanes (Chile), durante un cuadrimestre.

1.3.4.3.- Propostas xerais en relación cos programas de mobilidade

Considérase oportuna unha modificación da páxina web da Facultade, no apartado relativo aos programas de intercambio, para ofrecer información máis útil relativa a cada un dos programas de mobilidade existentes.

As modificacións consistirían, basicamente, na inserción de enlaces directos que permitan, dunha parte, redireccionar ao alumnado á información sobre a convocatoria e oferta de prazas publicada pola Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo e, doutra, á normativa específica do centro relativa aos programas de mobilidade. Aínda que esta información se atopa ben na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais ou noutros apartados da páxina web da Facultade, considérase oportuna a súa unificación neste apartado a través da inserción de *links*, de tal modo que faciliten a consulta por parte do alumnado propio e de Universidades estranxeiras interesado en participar nun programa de intercambio.

Neste sentido, a continuación, inclúense os links que se deberían incluír na páxina web do centro:

- PROGRAMA ERASMUS: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/erasmus/
- PROGRAMA ISEP: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/isep/
- PROGRAMA GE4: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/ge4.html
- BOLSAS ERASMUS PRÁCTICAS: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/erasmus_practicas.html
- BOLSAS DE INTERCAMBIO PROPIAS: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/intercambio_propias.html
- LIBRE MOBILIDADE: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/mobilidade.html
- LIBRE MOBILIDADE: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/mobilidade.html
- BOLSAS BANCO SANTANDER: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/universia.html
- OUTRAS BECAS: https://www.uvigo.gal/uvigo_es/vida/mobilidade/uvigo/outras_bolsas.html

Normativa propia do centro: <http://cienciasxuridicasedotrabajo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/09/DOC-85.-CRITERIOS-RELATIVOS-AOS-PROGRAMAS-DE-INTERCAMBIO-NO-EXTRANXEIRO.pdf>

1.3.4.- Finalmente, **no que respecta ás prácticas externas** temos que resaltar a continuación dos convenios de colaboración con tódalas empresas e institucións do curso 13/14. Non obstante, asinou un novo convenio coa Xunta de Galicia (publicado no DOGA de 8 de xaneiro de 2015), e iniciouse a colaboración con tres novas asesorías/empresas que ofertaron prazas no Grao en RRL e RRHH. Por último, teríamos que destacar a estreita colaboración cos colexios profesionais. En particular, no que atinxe aos graos, co Colexio oficial de Graduados Sociais da provincia de Pontevedra. Froito da citada colaboración, realizouse un curso específico orientado ao alumnado de cuarto de grao en RRL e RRHH sobre saídas profesionais e aspectos máis relevantes da profesión. Dito curso tivo unha excelente acollida entre o alumnado.

1.4.- En referencia ao **estado da documentación de calidade** temos que salientar:

1.4.1.- Que durante o curso 14/15 aprobouse un novo Manual de Calidade. Dispoñible no seguinte *link*:

<http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/08/MANUAL-DE-CALIDADE-COMPLETO.pdf>

En relación co Manual temos que dicir, brevemente, que por unha parte temos actualizado a composición da Comisión de Calidade, dando entrada a representación do alumnado do mestrado; e, por outra, incorporado como Anexo 6 do citado Manual un Calendario específico do Centro de actuacións ligadas a materia de calidade. Tal calendario constitúe unha ferramenta básica e útil para o control dos diversos procedementos de calidade que, entendemos, reflíctese nunha mellor xestión desta materia.

1.4.2.- Que no transcurso do curso 14/15 (Comisión de Calidade do 27/04/2015) temos variado as metas de certos obxectivos de calidade do Centro ao fío da aprobación do novo Manual de calidade. Tralo informe oral feito polo equipo auditor do nos SGIC e co cal se pechou a auditoría variamos aquelas metas que considerábase como menos ambiciosas tendo en conta os resultados do 13/14 (esta oportunidade para a mellora reflíctese na páxina 7 informe escrito emitido o 3 de xuño de 2015 -pódese consultar o informe escrito en: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2015/06/Informe-favorable-Certificación-SGIC-del-3-de-junio-de-20151.pdf>).

Non obstante, hai que salientar que as *ratios* que figuran en tales obxectivos están calculadas sobre base 7 e que, con posterioridade, as enquisas de satisfacción fixéronse sobre base 5. Cumpre, por tanto, variar novamente as *ratios* dos obxectivos de calidade tal e como se reflicte no Anexo 1 deste informe, o Plan de Acción de Melloras da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo (en adiante PAM do Centro).

1.4.3.- No citado curso, validáronse pola Comisión de Calidade o 6 de xullo de 2015, os novos procedementos estratéxicos relativos ao SGIC.

1.4.4.- Que en cuanto a rexistros de calidade a situación xeral é correcta tal e como se pode deducir do informe da auditoría antes citado (oportunidade para a mellora 3, páxina 7, ao respecto *vid.* o seguinte *link*: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2015/06/Informe-favorable-Certificación-SGIC-del-3-de-junio-de-20151.pdf>

II. DATOS E REVISIÓN DOS RESULTADOS

2. Seguimento das revisións anteriores

2.1.- Estado das accións do Plan de mellora do Centro.

Tal e como figura no PAM do Centro, o Plan de Accións de Mellora 14/15 contemplaba 16 propostas de accións de mellora para o curso 14/15.

En todas elas figuraba como prazo de execución o curso 14/15 e a data máxima de execución era o 31 de xullo do 2015.

2.2.- Dito isto, intentaremos dar unha visión xeral das citadas propostas indicando si finalmente se acadaron os obxectivos específicos que figuraban no plan antes citado.

- **Proposta 1: Ampliación da información mostrada na web do centro.**

- Obxectivo específicos:
 - o Incluir na páxina web datos relativos ás titulacións e mellorar a información que se ofrece de cada unha delas
 - o Manter a web actualizada para unha mellor información de todos os grupos de interese
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: A web do centro ten sido puntualmente actualizada e depurada durante todo o curso académico 14/15.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC12

- Proposta 2: Participación dos egresados

- Obxectivo específico:
 - o Acadar unha participación máis activa dos egresados a través de cursos de temas xurídicos de actualidade destinados especificamente a eles
- Grao de cumprimento: 75%
- Comentario: Non obstante a posta en marcha de perfís do Centro nas redes sociais e o incremento de egresados que participan nas actividades formativas realizadas na facultade, aínda temos pendente unha participación mais activa nas citadas actividades.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC11

- Proposta 3: Incrementar a relación cos axentes económicos e sociais

- Obxectivo específico:
 - o Ampliar o número de convenios e sectores nos que o alumnado pode facer prácticas externas.
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: Durante o curso 14/15 asinouse, novamente, o convenio específico de realización de prácticas coa Xunta de Galicia (DOGA 8 de xaneiro de 2015). Asemade, asináronse convenios con asesorías e xestorías (en total 3) que veñen a fortalecer a oferta de prácticas externas. Existiu unha colaboración estreita co Colexio oficial de graduados sociais da provincia de Pontevedra, froito do mesmo celebrouse un curso específico sobre saídas profesionais orientado ao alumnado de cuarto curso do grao en RRLL e RRHH.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC16

- Propostas 4 e 5: Plan de promoción do Centro e Acceso e admisión de estudantes

- Obxectivo específico: Elaborar un plan de promoción do centro que garanta a información suficiente dos títulos do centro ante potenciais estudantes e a sociedade en xeral
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: Na comisión de calidade celebrada 24 de febreiro de 2015 aprobouse un plan de promoción específica do Centro que contempla, en particular, medidas de divulgación das titulacións impartidas no centro.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC07

- Propostas 6 e 7: Análise dos resultados das enquisas de satisfacción e análise dos resultados académicos/taxas.

- Obxectivos específicos: Mellorar o proceso de análise de resultados.
- Grao de cumprimento: 90%
- Comentario: No novo Manual de Calidade fixouse un calendario (cronograma de actuación) en materia de calidade que garante que os resultados das titulacións e xerais do Centro sexan analizados na Comisión de Calidade.

- Códigos no PAM do Centro: 2014-FAC01 e 2014-FAC17

- Propostas 8: Coñecemento do profesorado entre o alumnado

- Obxectivos específicos: solicitar a inclusión dunha imaxe do docente e das súas liñas de especialidade. Participación en redes sociais de carácter profesional
- Grao de cumprimento: 50%
- Comentario: Na actualización da páxina web durante o curso 14/15 publicouse unha listaxe adiada do profesorado do Centro, cunha referencia a súa categoría profesional e as materias que imparte. Ademais, en cada unha das materias, existe un enlace a guía docente.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC10

- Proposta 9: Persoal administrativo de apoio

- Obxectivos: debido a gran carga de traballo que soporta o persoal administrativo en determinados períodos considerouse que se debería solicitar dos servizos centrais o persoal preciso para una axeitada xestión da todas as titulacións do Centro.
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: O Decanato turnou tal petición en reiteradas ocasións. A excepción dunha administrativa que foi contratada por dous meses (novembro e decembro de 2014) para materias de calidade.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC19

- Proposta 10 e 11: Reordenación de espazos e mellora dos materiais funxíbeis

- Obxectivos: paliar os problemas que tiñamos con algunhas dependencias do Centro e co material funxible utilizado no Centro.
- Grao de cumprimento: 90%
- Comentario: O Decanato acometeu obras de índole variada durante o curso 14/15, centrándose, fundamentalmente, na habilitación de despachos, a mellora da sinalética do Centro, a dotación de postos de traballo e ordenadores na aula de informática, etc.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC15 e 2015-FAC14

- Proposta 12: revisar a política e obxectivos de calidade do Centro

- Obxectivos: Trátase de contextualizar e mellorar os obxectivos de calidade e as ratios asociadas aos mesmos cada ano académico.
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: Na Comisión de Calidade do 27 de abril de 2015 modificáronse tales ratios consonte as propostas para a mellora realizadas polo equipo auditor que certificou o SGIC do Centro.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC03

- Proposta 13: Publicación de toda a información relativa á Comisión de Calidade do Centro.

- Obxectivos: unha total transparencia do traballo da Comisión.
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: Na páxina web figuran tódalas actas da Comisión e información relevante relativa ao SGIC
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC05

- **Proposta 14: Solicitar a simplificación do SGIC**

- Obxectivos: perante a burocratización excesiva a grao de complexidade do SGIC, desde o Centro quérese solicitar unha simplificación total do sistema
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: Coa aprobación do novo manual de calidade e a validación dos procedementos estratéxicos, viuse a evidenciar unha mellora nos procesos que implica unha simplificación dos mesmos.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC06

- **Proposta 15: Revisión da composición da comisión de calidade**

- Obxectivos: adaptar a Comisión de Calidade á realidade do Centro
- Grao de cumprimento: 100%
- Comentario: Na Comisión de Calidade do 27 de abril de 2015 apróbase o novo Manual de calidade do Centro no que se revisa a composición da Comisión consonte as propostas para a mellora realizadas polo equipo auditor que certificou o SGIC do Centro.
- Código no PAM do Centro: 2014-FAC02

- **Proposta 16: Solicitude de persoal administrativo de apoio ao SGIC**

- Obxectivos: lograr un maior apoio administrativo para a xestión da calidade do Centro
- Grao de cumprimento: 50%
- Comentario: No curso 14/15 dotouse ao Centro dunha bolsreira de calidade a razón de 4 horas diarias e dunha administrativa que, puntualmente, traballou na área de calidade do centro durante dous meses.
- Código no PAM do Centro: CÍCLICA

3. Política e obxectivos de calidade

3.1.- A política e os obxectivos de calidade defínense segundo o establecido no procedemento DE 01 P1 “Planificación estratéxica”.

3.2.- A política de calidade en vigor foi revisada durante o curso 14/15 en dúas ocasións. En primeiro lugar na Comisión de calidade celebrada o 14 de novembro de 2014 (pódese consultar o acta no seguinte link: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/09/Calidade-2014-11-14.pdf>). En segundo lugar, co gallo da aprobación do novo Manual de Calidade na Comisión de Calidade do pasado 27 de abril de 2015. En particular trátase do Anexo 4 de tal Manual e pódese consultar no seguinte link: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/08/Anexo-04-Política-e-Obxectivos-de-calidade-ED041.pdf>

Tras dita revisión, a política de calidade do Centro considérase vixente e axeitada á realidade do noso Centro.

3.3.- Do mesmo xeito, os obxectivos de calidade do centro foron revisados en dúas ocasións: na Comisión de calidade celebrada o 14 de novembro de 2014, e

aproveitando a aprobación do novo Manual de Calidade na Comisión de Calidade do pasado 27 de abril de 2015. Tamén están incluídos no Anexo 4 de tal Manual e pódese consultar no último *link* citado.

En particular, no que atinxe aos obxectivos de calidade, as variacións fundamentais respecto á anterior versión, foron as seguintes: axear os obxectivos aos novos procesos/procedementos e, sobre todo, variar as metas a acadar. En este sentido, temos que resaltar que nas oportunidades de mellora indicadas polo equipo auditor do SGIC sinalouse que as metas dos obxectivos de calidade eran pouco ambiciosas con respecto ao curso 13/14. En consecuencia, nos obxectivos ligados á o procedemento Do-0211 Planificación e desenvolvemento da ensinanza variáronse as metas ligadas o grao de satisfacción do profesorado e alumnado con tal planificación. Do mesmo xeito cambiáronse as metas ligadas ao grao de satisfacción do alumnado e do profesorado cos programas de orientación, as políticas e procedementos de admisión, os recursos e servizos e o grao de satisfacción do profesorado cos resultados do aprendizaxe.

En liña de máxima, tales metas (computadas sobre un valor de 7) variáronse conforme ás anteriores en 0.5 ou 1 punto.

3.4.- Con todo, nesta materia queremos deixar constancia que trala modificación das metas dos nosos obxectivos de calidade, as enquisas de satisfacción coa titulación e co Centro –de onde se extraen os datos para ver si se cumpren tales obxectivos- variaron o seu baremo. En consecuencia, as enquisas se fixeron sobre base 5 (non sobre base 7) coa correlativa complicación a efectos de saber si realmente cumprimos cos nosos obxectivos ou non. Por tal razón, vímonos obrigados a realizar a oportuna regra de 3 para facer o novo cálculo.Os resultados 14/15 son valorados no seguinte punto.

4.- Indicadores de resultados dos procesos e programas de calidade


4.1.- Índice de participación 14/15 do PDI desagregado por sexo e titulacións.

Centro	Titulación	Índice de participación por sexo						Índice de participación total		
		Nº Posibles persoas enquisadas		Nº persoas enquisadas		% Participación		Nº Posibles persoas enquisadas	Nº persoas enquisadas	% Participación
		Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Total		
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	<i>Grao en Dereito</i>	34	45	12	19	35,29%	42,22%	79	31	39,24%
	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	30	21	13	7	43,33%	33,33%	51	20	39,22%
	<i>Máster Universitario en Avogacía</i>	52	49	17	17	32,69%	34,69%	101	34	33,66%
	Máster Universitario en Dereito de Empresa	31	17	9	6	29,03%	35,29%	48	15	31,25%
	Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social	8	17	4	7	50,00%	41,18%	25	11	44,00%
	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	15	18	7	6	46,67%	33,33%	33	13	39,39%
	Total	170	167	62	62	36,47%	37,13%	337	124	36,80%

4.2.- Índice de participación 14/15 do alumnado desagregado por sexo e titulacións.


Centro	Titulación	Índice de participación por sexo						Índice de participación total		
		Nº Posibles persoas enquisadas		Nº persoas enquisadas		% Participación		Nº Posibles persoas enquisadas	Nº persoas enquisadas	% Participación
		Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Total		
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	<i>Grao en Dereito</i>	79	130	13	29	16,46%	22,31%	209	42	20,10%
	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	55	96	8	19	14,55%	19,79%	151	27	17,88%
	<i>Máster Universitario en Avogacía</i>	35	74	6	12	17,14%	16,22%	109	18	16,51%
	Máster Universitario en Dereito de Empresa	10	20	1	7	10,00%	35,00%	30	8	26,67%
	Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	8	24	4	5	50,00%	20,83%	32	9	28,13%
	Máster Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado	1		0		0,00%		1	0	0,00%
	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	5	30	2	6	40,00%	20,00%	35	8	22,86%
	Total	193	374	34	78	17,62%	20,86%	567	112	19,75%

4.3. Comparativa histórica grao de satisfacción xeral PDI



Año	2012-2013	2013-2014	2014-2015 (BASE 5)
Profesor	6,01	5,98	4,23
Profesora	5,88	5,94	4,30
Total	5,95	5,96	4,27

4.4.- Comparativa histórica grao de satisfacción xeral alumnado



Año	2012-2013	2013-2014	2014-2015 (BASE 5)
Alumno	4,17	4,30	3,36
Alumna	3,99	4,14	2,88
Total	4,08	4,22	3,12

4.5.- Grao de satisfacción 14/15 do PDI desagregado por titulacións e por indicadores

Grao de satisfacción - Profesorado																																
Avaliación da satisfacción das titulacións oficiais 2014/15																																
Centro	Titulación	Satisfacción cos obxectivos e competencias			I06-DO Satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas (antes ind. 78)				Satisfacción cos recursos humanos				Satisfacción cos recursos materiais e servizos (antes ind. 80)				Satisfacción cos resultados				Satisfacción coa orientación ao estudanteo (antes ind. 72)				Satisfacción coa xestión da calidade				I03-MC Grao de satisfacción (xeral)			
		Por sexo		Total	Por sexo		Total	Por sexo		Total	Por sexo		Total	Por sexo		Total	Por sexo		Total	Por sexo		Total	Por sexo		Total	Por sexo		Total				
		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller					
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Grao en Dereito	4,00	4,26	4,16	3,98	3,99	3,99	4,08	4,11	4,10	4,13	4,33	4,25	3,75	4,19	4,02	3,88	4,20	4,08	3,74	4,00	3,90	3,95	4,13	4,06							
	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	4,21	3,79	4,05	4,11	3,55	3,90	4,00	3,86	3,94	4,38	3,66	4,10	4,00	3,82	3,94	3,84	3,71	3,79	3,67	3,44	3,71	4,09	3,63	3,91							
	Máster Universitario en Avogacía	4,26	4,64	4,45	4,29	4,54	4,41	4,13	4,38	4,26	4,66	4,52	4,59	4,38	4,50	4,44	4,34	4,66	4,51	4,31	4,69	4,50	4,37	4,57	4,47							
	Máster Universitario en Dereito de Empresa	4,63	4,58	4,61	4,43	4,48	4,45	4,71	4,60	4,67	4,33	4,57	4,42	4,11	4,17	4,13	4,50	4,80	4,62	4,67	4,70	4,68	4,45	4,55	4,49							
	Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	4,25	4,86	4,64	4,47	4,75	4,65	4,25	4,57	4,45	4,33	4,78	4,62	4,67	4,67	4,67	4,50	4,86	4,73	4,20	4,42	4,33	4,39	4,72	4,60							
	Máster Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado																															
	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	4,07	4,17	4,12	4,28	4,15	4,22	4,40	4,17	4,27	4,34	4,47	4,40	4,29	4,00	4,17	4,33	3,94	4,15	4,50	4,13	4,31	4,32	4,18	4,25							
Total	4,23	4,40	4,31	4,22	4,24	4,23	4,20	4,25	4,23	4,39	4,39	4,39	4,14	4,28	4,21	4,18	4,37	4,28	4,16	4,24	4,20	4,23	4,30	4,27								
As titulacións marcadas en cursiva en cursiva están adscritas a máis dun centro da Universidade de Vigo. Os valores totais da titulación móstranse deseguido:																																
	Grao en Dereito	4,25	4,18	4,21	4,18	4,17	4,17	4,05	4,00	4,02	4,25	4,35	4,31	3,93	4,17	4,07	4,03	4,18	4,12	4,15	4,18	4,17	4,16	4,20	4,18							
	Máster Universitario en Avogacía	4,05	4,52	4,25	4,01	4,41	4,19	3,81	4,36	4,05	4,43	4,51	4,47	4,07	4,34	4,19	4,09	4,44	4,25	4,19	4,46	4,31	4,13	4,44	4,27							
A codificación dos indicadores (ex.: I05-DO) está indicada no Panel de indicadores (anexo 3 ao procedemento de calidade DE-02 P1 Seguimento e medición)																																
As celas en branco indican que non hai datos dispoñíbeles, debido á falta de respostas ás cuestións correspondentes do cuestionario ou á falta de participación.																																
Escala de valoración:																																
1- Moi insatisfactorio																																
2- Insatisfactorio																																
3- Aceptable (valor medio da escala)																																
4- Satisfactorio																																
5- Moi satisfactorio																																
NS/NC Non sabe / non contesta																																

4.6.- Grao de satisfacción 14/15 do alumnado desagregado por titulacións e por indicadores

Grao de satisfacción - Estudantado																							
Avaliación da satisfacción das titulacións oficiais 2014/15																							
Centro	Titulación	Satisfacción cos obxectivos e competencias			Satisfacción coa orientación ao estudantado (antes ind. 72)			I05-DO Satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas (antes ind. 74)			Satisfacción cos recursos materiais e servizos (antes ind. 75)			Satisfacción cos resultados			Satisfacción coa xestión da calidade			I02-MC Grao de satisfacción (xeral)			
		Porsexo		Total	Porsexo		Total	Porsexo		Total	Porsexo		Total	Porsexo		Total					Porsexo		Total
		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller		Home	Muller						Home	Muller	
Facultade de Ciencias Jurídicas e do Traballo	Grao en Dereito	3,54	3,24	3,33	2,82	2,23	2,42	3,53	2,96	3,14	3,68	3,11	3,28	3,62	3,10	3,26	3,16	2,67	2,81	3,37	2,82	2,99	
	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	3,38	2,94	3,08	2,51	2,14	2,25	3,35	2,71	2,90	3,22	2,90	2,99	3,50	2,89	3,08	2,58	2,41	2,47	3,04	2,61	2,74	
	Máster Universitario en Avogacía	2,60	3,45	3,19	2,39	2,39	2,39	3,29	3,20	3,23	4,08	3,38	3,62	3,83	3,36	3,53	3,24	3,18	3,20	3,28	3,07	3,14	
	Máster Universitario en Dereito de Empresas	3,00	3,00	3,00	3,40	2,17	2,34	4,00	2,71	2,88	3,40	3,05	3,11	4,00	3,86	3,88	4,00	2,63	2,82	3,70	2,71	2,85	
	Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	4,50	4,00	4,22	3,40	2,83	3,09	4,00	3,59	3,77	4,26	4,05	4,16	3,75	3,40	3,56	4,17	3,92	4,04	3,96	3,55	3,74	
	Máster Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado																						
	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	3,50	3,00	3,13	2,30	2,72	2,62	3,63	3,67	3,66	4,20	3,33	3,55	4,00	3,50	3,63	2,50	3,00	2,88	3,33	3,27	3,28	
	Total	3,45	3,22	3,29	2,74	2,30	2,44	3,52	3,01	3,16	3,73	3,16	3,34	3,68	3,21	3,35	3,14	2,78	2,89	3,36	2,88	3,02	
As titulacións marcadas en cursiva en cursiva están adscritas a máis dun centro da Universidade de Vigo. Os valores totais da titulación móstranse deseguido:																							
	Grao en Dereito	3,60	3,36	3,43	3,01	2,64	2,76	3,50	3,09	3,22	3,79	3,27	3,43	3,50	3,19	3,29	3,14	2,91	2,98	3,42	3,03	3,15	
	Máster Universitario en Avogacía	3,64	3,57	3,59	2,96	2,82	2,85	3,10	3,30	3,25	4,04	3,63	3,74	3,58	3,47	3,50	3,16	3,45	3,38	3,34	3,30	3,31	
A codificación dos indicadores (ex.: I05-DO) está indicada no Panel de indicadores (anexo 3 ao procedemento de calidade DE-02 P1 Seguimento e medición)																							
As celas en branco indican que non hai datos dispoñibles, debido á falta de respostas ás cuestións correspondentes do cuestionario ou á falta de participación.																							
Escala de valoración: 1- Moi insatisfactorio 2- Insatisfactorio 3- Aceptable (valor medio da escala) 4- Satisfactorio 5- Moi satisfactorio NS/NC Non sabe / non contesta																							
Poden atopar máis información en Secretaría virtual , accedendo aos contidos do SID (Sistema de Información á Dirección)																							

4.7.- Breve valoración.

Como se pode comprobar dos datos proporcionados, as metas marcadas nos obxectivos de calidade 14/15 téñense cumprido de xeito notable. Ademais, tamén temos que indicar que os resultados das enquisas de satisfacción foron obxecto de presentación na Comisión de Calidade celebrada o 6 de xullo de 2015 e publicación na páxina web do Centro.

Non obstante, compre sinalar de novo que as enquisas fixéronse cunha escala de 1 a 5 si ben os nosos obxectivos de calidade están fixados nunha escala de 1 a 7. Procede tamén facer unha simple regra de 3 para ver si, en tódalas titulacións/ítems valorabeis se teñen superado as valoracións feitas sobre 7

A nivel xeral, os resultados das enquisas mais determinantes son os que seguen:

a) No que atinxe a participación:

O índice medio de participación do profesorado situase no 36.80%

O índice medio de participación do alumnado situase no 19.75%.

Conclusión: deben instaurarse medidas para mellorar a participación decrecente nas enquisas de satisfacción.

b) No que atinxe ao grao de satisfacción:

O grao de satisfacción medio do profesorado sitúase nun 4.27 sobre base 5

O grao de satisfacción medio do alumnado sitúase nun 3.02 sobre base 5

Conclusión: o grao de satisfacción xeral supera os datos históricos doutros cursos.

c) Especificamente, as peores valoracións danse nos seguintes *ítems*:

- Na satisfacción do estudiantado coa orientación (indicador 72) cunha valoración media de 2.44 sobre 5
- Na satisfacción do profesorado coa xestión de calidade cunha valoración media de 4.20 sobre 5.

Conclusión: procede implementar medidas que fagan visible a utilidade dos procesos de orientación para pechar o ciclo de mellora continua.

5.- Resultados de avaliacións e auditorías internas e externas.

5.1.- Resultados dos procesos de certificación, acreditación e seguimento.

5.1.1.- O centro posúe, desde o 03/06/2015, un Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade de acordo coas directrices do Programa FIDES-AUDIT (ACSUG) (Certificado nº 02/15 con validez ata o 03/06/2021).

5.1.2.- O título do Máster en Menores en situación de conflito e desprotección social foi acreditado pola ACSUG durante o curso 14/15.

5.1.3.- O título do Máster interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral foi acreditado pola ACSUG durante o curso 14/15.

5.1.4.- O grao en Dereito recibiu o Informe final de revisión interna o 28/07/2015 co resultado de CONFORME.

5.1.5.- O Máster en Avogacía pola Universidade de Vigo recibiu o informe final de seguimento por parte da ACSUG con data 3/06/2015 co resultado de CONFORME

5.1.6.- O Máster en Dereito de Empresa, recibiu o Informe final de revisión interna o 30/07/2015 co resultado de CONFORME.

5.2.- Valoración dos procesos de certificación, acreditación e seguimento.

5.2.1.- Os resultados do proceso de Certificación do SGIC plásmanse no informe de auditoría externa inicial para a implantación do Sistema de Garantía de Calidade. Tal informe pódese consultar na páxina web do Centro: <http://cienciasjuridicasedotrabajo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2015/06/Informe-favorable-Certificación-SGIC-del-3-de-junio-de-20151.pdf>

Dito informe é favorable pero contén tres non conformidades menores, dúas maiores e doce oportunidades para a mellora. Ao respecto, xuntamos as melloras que o Centro implementou no último trimestre do curso 14/15 para paliar ditas deficiencias. No cadro que xuntamos a continuación podemos atopar: o análise da causa, a acción/s de mellora a desenvolver, os recursos comprometidos e así como a data prevista de resolución e o responsable/s de execución e/ou seguimento.

5.2.2.- Melloras do Centro perante as non conformidades maiores e menores e oportunidades de mellora sinalados polo equipo auditor.

Nº de NCM, ncm, PM (1)	Análise da/s causa/s	Acción/s de mellora a desenvolver	Recursos comprometidos (humanos, técnicos, económicos, etc.)	Grao de execución	Responsable/s execución e/ou seguimento
<u>Accións de mellora ás non conformidade:</u> REALIZADA. NON REALIZADA. REALIZADA PARCIALMENTE					
<u>ncm:</u> Non se evidencia que a composición da Comisión de Calidade responda ao establecido no manual en vigor, nin o desenvolvemento de todas as funcións que lle son establecidas					
ncm 1 (vid. PM3)	Adaptación da Comisión de Calidade ao formato do novo Manual do SGIC, edición E04, previa a aprobación do Manual pola Facultade. Así mesmo, o desenvolvemento de boa parte das funcións da Comisión de Calidade do centro que en ocasións non estaban correctamente documentadas.	Aprobación do novo Manual do SGIC, edición E04. Aprobar a nova composición da Comisión de Calidade. Aplicar ás funcións encomendadas no novo manual Publicación na Web	Comisión de Calidade Xunta de Facultade	REALIZADA 27 de abril 2015 aprobación do novo Manual	Execución: Comisión de Calidade Xunta de Facultade Seguimento: Coordinador de Calidade Comisión de Calidade Xunta de Facultade
<u>ncm:</u> Obxectivos de calidade establecidos por debaixo dos ratios previamente alcanzados polo centro e falta de comunicación dos mesmo aos membros da Comisión					
ncm 2	Falta de análise detallado dos obxectivos de calidade no plantexamento dos mesmos, co establecemento de ratios previamente alcanzados polo centro, de forma que máis ca un obxectivo a acadar son feitos. Falta de coñecemento dos obxectivos de calidade por parte dos membros da Comisión de Calidade	Redefinir (revisar e actualizar) os obxectivos de calidade, en paralelo á aprobación do Manual antes citado, e establecer uns niveis máis aceptables tendo en conta os ratios acadados ata o momento. Difusión dos obxectivos a todos os membros da Comisión de calidade	Coordinador de Calidade Comisión de Calidade Xunta de Facultade	REALIZADA Anexo 4 do novo Manual aprobado en Comisión de Calidade do 27 de abril de 2015	Execución: Coordinador de Calidade Comisión de Calidade Aprobación: Comisión de Calidade Xunta de Facultade Seguimento:

					Coordinador de Calidade Comisión de Calidade
<u>NCM:</u> Non se evidencia nin o despregamento nin unha correcta implantación dos procedementos PE02, PA05 y PA06 relativos ao PDI e ao PAS					
NCM 3	<p>Os procedementos PE02, PA05 e PA06 deseñáronse desde unha perspectiva de funcionamento do centro cando a súa definición, despregamento e implantación responden a un marcado carácter institucional. A responsabilidade decisoria e executiva dos procesos de xestión do persoal (PDI e PAS) transcende a competencia dos centros, sen prexuízo das actividades que se desenvolven especificamente no centro.</p> <p>A estrutura e o ámbito de aplicación do SGIC de centro non facilitan a xestión destes procesos no propio centro.</p>	<p>Redefinir (revisar e actualizar) os procesos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión como no académico) no SGIC do centro.</p> <p>En detalle, estas accións concréntanse en:</p> <p>Actualizar e implantar os procesos de Administración do persoal (que anularán e substituirán a os actuais PA05 e PA06):</p> <ul style="list-style-type: none"> o Deseño provisional dos novos procedementos, mediante a creación dun grupo de mellora de procesos (antes da difusión aos centros) o Deseño definitivo coa incorporación das melloras recibidas dos centros e dos servizos. o Aprobación polos centros. o Seguimento inicial da implantación. 	<p>Grupo de mellora de procesos Técnicos Superiores de Calidade Unidade de Estudos e Programas (UEP)</p>	<p>PENDENTE DE EXECUCIÓN Incorpórase como acción de mellora institucional. O Centro non ten competencias ao respecto.</p>	<p>Responsables de execución: De forma coordinada e harmonizada: -<u>Ámbito de xestión</u> (respecto ao PAS): Xerencia co apoio técnico da UEP e da Área de Calidade. -<u>Ámbito académico</u> (respecto ao PDI): Vicerreitoría con competencias en profesorado) co apoio técnico da Área de Calidade.</p> <p>Responsables de seguimento: Coordinador/a de calidade do centro.</p>
<u>NMC:</u> Non se evidencia unha correcta implantación do procedemento PA07					
NCM 4		<p>Considerase que o procedemento PA07 está correctamente implantado, así o pon de manifesto a</p>		<p>PENDENTE DE EXECUCIÓN Incorpórase como mellora no 15/16</p>	<p>Responsables de execución: Vicedecano de Infraestruturas</p>

	<p>Non se evidencia unha correcta implantación do procedemento PA07 respecto da xestión dos recursos materiais</p>	<p>inexistencia de suxestións ou reclamacións nese senso. Sen embargo, carecemos das evidencias que así o demostren.</p> <p>O tratamento deste procedemento remítese as Xuntas de Facultade, no tratamento dos orzamentos e a distribución dos mesmos.</p> <p>Os traballos do SGIC nese senso serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Evidenciar os criterios de selección dos recursos materiais e provedores - Evidenciar o análise dos recursos materiais e da satisfacción dos usuarios cos servizos do centro. 			<p>Responsables de seguimento: Coordinador de Calidade</p>
--	--	---	--	--	--

ncm: Non se evidencia a realización de accións para a recollida de información, análise e establecemento de accións de mellora respecto á satisfacción do PAS

	<p>A Universidade de Vigo realizou, no ano 2010, unha enquisa de clima laboral destinada ao PAS de centros e servizos centrais. Os resultados desta avaliación deron</p> <p>Algunhas das accións definidas neste plan aínda non se implantaron, por iso é polo que a enquisa non se volveu a realizar.</p>	<p>Creación dun grupo de traballo para revisar e redefinir unha enquisa de satisfacción do PAS (metodoloxía,</p>		<p>PENDENTE DE EXECUCIÓN. Incorpórase como mellora no 15/16. O Centro solicitará a realización de tales enquisas.</p>	<p>Responsables de execución: Área de Calidade Xerencia Unidade de Estudos e Programas (UEP)</p>
--	--	--	--	---	--

Oportunidades para a mellora. Propostas.

PM 1	<p>A Composición actual da Comisión de Calidade foi aprobada en Setembro de 2014, coa incorporación de novos membros, e coa incorporación ademais do novo Coordinador de Calidade.</p> <p>Durante o primeiro cuadrimestre levouse a cabo un proceso de adaptación desta nova comisión ao Sistema, e de reparto de tarefas, e mellorou a información que se plasmaba nas actas da Comisión, sendo aínda así, insuficiente.</p> <p>Así mesmo, nas reunións a Comisión de Calidade realizou análises e propostas que si ben foron plasmadas nos documentos para os que se realizaban, non quedaron rexistradas nas actas da Comisión.</p>	<p>Ampliación da información a incluír nas actas da Comisión de Calidade, a fin de evidenciar o seu correcto funcionamento e garantir a existencia de información para a súa análise futura.</p> <p>(* Plantexamento de un modelo de Acta no que se recolla toda a información relevante tratada na Comisión. (Este modelo de acta recollería, separados: 1. Puntos do día; 2. Persoa responsable do seu desenvolvemento; 3. Valoracións realizadas e persoa que as realizou; 4. Propostas de mellora; 5. Anexo. A intención é que en cada acta se recolla todo o que se trate na reunión)</p>	Comisión de Calidade Coordinador de Calidade	<p>REALIZADA</p> <p>Segundo Trimestre 2015</p>	Responsable de seguimento: Coordinador de Calidade
PM 2	O novo Manual de Calidade, edición E04 –que aprobaremos conforme ao dito anteriormente-, non contempla a participación de estudantes de todos os títulos que se imparten na Facultade.	<p>Revisión e análise da Composición da Comisión de Calidade do Centro coa finalidade de adaptala á última versión do Manual do SGIC, e garantir a representación de tódolos grupos de interese. A representación, consonte ao Manual é de 1 estudante matriculado e 1 egresado.</p> <p>A Comisión realizará un seguimento para valorar si, nun futuro, interesa aumentar a representación do estudiantado na Comisión.</p>	Comisión de Calidade Xunta de Facultade	<p>REALIZADA</p> <p>27 de abril 2015 aprobación do novo Manual</p>	<p>Responsable de execución: Comisión de Calidade Xunta de Facultade</p> <p>Responsable de Seguimento: Coordinador de Calidade</p>
PM 3 (vid. ncm)	Os obxectivos de calidade do centro plantexados para o	Revisión dos obxectivos de calidade do centro, formulación máis adecuada e adaptación á realidade	Comisión de Calidade	REALIZADA	Responsable de Execución: Comisión de Calidade

1)	<p>curso 2014/2015 teñen uns niveis baixos, que ademais xa foran alcanzados previamente polo centro. Isto asegura a consecución dos mesmos, sen embargo, non mostra un afán de mellora por parte do centro.</p>	<p>do centro, plantexando como obxectivos ratios superiores aos establecidos actualmente, que ao ser previamente alcanzados non supoñen un reto.</p>		<p>(modificación dos ratios aprobada en Comisión de Calidade de 24/02/2015)</p> <p>Nota. Incorpórase como mellora 15/16 a adaptación das ratios de base 7 a base 5</p>	<p>Responsable de Seguimento: Coordinador de Calidade</p>
PM 4	<p>Identifícanse varias causas que, dun xeito complementario, poden provocar a baixa participación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - descoñecemento do obxecto e finalidade das enquisas - percepción negativa da súa utilidade real - dificultades no modo de acceso á aplicación informática das enquisas - falta de implicación nos procesos de avance do centro - dificultades na comprensión do cuestionario. 	<p>No último trimestre do curso 2012-2013 a Universidade de Vigo xa iniciou un proceso de definición, revisión e actualización dos procedementos de recollida de información de todos os grupos de interese das titulacións, que foi desenvolvendo e concretando no curso 13-14 nas seguintes accións:</p> <p>a. Revisión e mellora de todas as enquisas de satisfacción existentes (metodoloxía, cuestionarios, informes de resultados,...)</p> <p>b. Definición de enquisas de satisfacción para grupos de interese non incluídos nas xa existentes (metodoloxía, cuestionarios, informes de resultados,...)</p> <p>c. Posta en marcha dun plan institucional para mellorar a participación dos grupos de interese nas distintas enquisas, que inclúe melloras técnicas (informáticas), campañas informativas e difusión de resultados.</p> <p>Estas accións completaranse no curso 14-15 coas seguintes accións:</p> <p>1. Implantación das enquisas de satisfacción de todos</p>	<p>Grupo de traballo de revisión e mellora de enquisas (Técnicos Superiores de Calidade, PDI, Administradores de Centro, estudantes, empregadores, egresados)</p> <p>Area de Imaxe</p> <p>Gabinete do Reitor</p> <p>Servizos Informáticos</p>	<p>REALIZADA PARCIALMENTE</p> <p>Nota. Incorpórase como mellora 15/16 no que atinxe ao baixo nivel de satisfacción coa xestión da calidade</p>	<p>1 Área de Calidade</p> <p>1 Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado</p> <p>2. Decanato</p>

		<p>os grupos de interese</p> <p>2. Establecer estratexias que permitan difundir a importancia da recollida de información.</p> <p>3. Emprego do PAT como outra ferramenta de recollida de información.</p>			
PM 5	<p>Non existen evidencias da información proporcionada aos grupos de interese das conclusións acadadas trala análise dos resultados obtidos.</p> <p>Se ben a información está ao acceso de todos os grupos de interese, a Comisión de Calidade non ten evidencias diso.</p>	<p>Publicación das conclusións obtidas trala análise dos resultados académicos e dos resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais.</p> <p>Esta información estará dispoñible tanto na páxina web da Facultade como no taboleiro de anuncios do SIGC da Facultade.</p> <p>Evidenciar a publicación de esta información.</p>	Comisión de Calidade	<p>REALIZADA</p> <p>Actualización da web, (abril- maio 15)</p>	<p>Seguimento:</p> <p>Comisión de Calidade</p> <p>Coordinador de Calidade</p>
PM 6	<p>Falta de análise específico de información, realizándose esa análise no informe de resultados anuais do centro</p>	<p>Realización das análises de resultados no seo da Comisión de Calidade, e posterior incorporación aos informes e documentos aos que cada información estea adscrita, e non ao revés.</p>	Comisión de Calidade	<p>REALIZADA</p> <p>Comisión de calidade de 6 de xullo de 2015 e 6 de outubro de 2015</p>	<p>Execución:</p> <p>Comisión de Calidade</p> <p>Seguimento:</p> <p>Coordinador de Calidade</p>
PM 7	<p>Información do SGIC publicada na páxina web non completa, ou non moi accesible.</p> <p>No caso das páxinas web de cada unha das titulacións non teñen desenvolto este apartado, senón que remiten á páxina web da Facultade.</p>	<p>Revisión da información que se atopa na páxina web da Facultade en relación ao SGIC. e actualización da información, seguindo o Plan Operativo de Información Pública aprobado.</p> <p>Revisión das páxinas web dos títulos e da información que publican en relación ao SGIC. Ademais da remisión á páxina web da Facultade, intentarase incluír a información relevante en materia de calidade para o título.</p>	<p>Comisión de Calidade</p> <p>Servizos informáticos</p>	<p>REALIZADA</p> <p>Actualización da web, (abril- maio 15)</p>	<p>Seguimento:</p> <p>Coordinador de Calidade</p>

PM 8	Falta de análise do perfil de ingreso do alumnado, e a súa repercusión nos resultados académicos da titulación	<p>Incorporación ao procedemento PC04:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unha análise do perfil de ingreso real do alumnado matriculado en cada titulación - Comparación do perfil de ingreso real co perfil de ingreso recomendado nas memorias de verificación dos títulos - Análise, no caso de non coincidir os perfiles, da afectación destas diferenzas nos resultados académicos, en especial, nas materias básicas dos títulos 	Comisión Académica dos Másteres Coordinadores de Grao	NON REALIZADA	<p>Execución: Coordinadores de Grao Comisión Académica dos Másteres</p> <p>Seguimento: Coordinador de Calidade Comisión de Calidade</p>
PM 9	Análise dos resultados sobre o proceso de orientación aos estudantes pouco documentado.	<p>Análise de situación sobre o proceso de orientación aos estudantes, en especial dos indicadores obtidos en relación á satisfacción dos estudantes co citado proceso.</p> <p>Utilización e mellora do PAT como ferramenta de recollida de información e tratamento dos datos na Comisión de Calidade</p>	Comisión de Calidade	<p>REALIZADA</p> <p>Comisión de calidade de 6 de xullo de 2015</p> <p>Comisión de calidade de 24 de novembro de 2015.</p>	<p>Seguimento: Comisión de Calidade Coordinador de Calidade</p>
PM 10	Escaso coñecemento por parte de todos os grupos de interese do sistema de calidade	<p>Fomentar a cultura de calidade e o coñecemento do SGIC do centro e a súa utilidade entre todos os grupos de interese co obxectivo de contribuír á mellora dos títulos que se imparten no centro</p> <p>Publicar a información sobre o SGIC no taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade.</p>	Comisión de Calidade Xunta de Facultade	<p>REALIZADA</p> <p>Actualización da web, publicación en taboleiros e dípticos do SGIC (abril-maio 15)</p>	<p>Seguimento: Comisión de Calidade Coordinador de Calidade</p>
PM 11	Escasa valoración dos resultados obtidos para completar o ciclo PDCA (mellora continua)	Aplicar o ciclo PDCA (mellora continua) en todo o	Comisión de Calidade	REALIZADA PARCIALMENTE	<p>Seguimento: Comisión de Calidade</p>

		<p>sistema, e en cada un dos procedementos</p> <p>Análise de resultados e plantexamento de melloras</p>		<p>Nota. Incorpórase como mellora 15/16</p>	
PM 12	<p>A implantación dos procedementos non é adecuada en todos os casos.</p>	<p>Revisión dos procedementos sinalados no transcurso da auditoría e da súa implantación na Facultade tendo en conta o novo Manual de Calidade.</p> <p>Analizar as causas da non adecuada implantación dos procedementos sinalados que non se atopan despregados tal e como están documentados e, plantexar a posibilidade de melloralos, contextualizalos á realidade da Facultade e/ou simplificalos</p>	<p>Comisión de Calidade Xunta de Facultade</p>	<p>REALIZADA PARCIALMENTE</p> <p>Aprobación dos novos procedementos co novo Manual de Calidade. Non obstante, non axeitada implantación do procedemento PA07 (xestión de recursos materiais). Incorpórase como mellora 15/16</p>	<p>Execución: Comisión de Calidade Xunta de Facultade</p> <p>Seguimento: Coordinador de Calidade Comisión de Calidade</p>

5.2.3.- Valoración. Como se pode comprobar, sinteticamente, sinálanse como non conformidades menores as seguintes:

- En relación coa estrutura en funcións da Comisión de Calidade a non conformidade menor pivota sobre a non aprobación (no momento que se fixo a auditoría) do novo manual de calidade e, pese a iso, ter a composición da comisión acorde co novo Manual (versión 04). Tamén sinálase que a comisión de calidade non cumpre coas súas funcións, en particular a de analizar os resultados das enquisas de satisfacción e realizar una reflexión sobre o avance do sistema de xestión. **Accións correctoras implementadas no 14/15 fronte esta non conformidade menor:** Tense aprobado o Manual de Calidade (versión 4) e intentado mellorar a análise de resultados e debate na Comisión de Calidade.
- En relación cos obxectivos de calidade, como antes se apuntou (punto 3) crítícanse a *ratios*/metas dos obxectivos e o despregue dos obxectivos de calidade entre os membros da Comisión de Calidade. **Accións correctoras implementadas no 14/15 fronte esta non conformidade menor:** Como se apuntou, cambiáronse as *ratios*/metas dos obxectivos de calidade (aínda así fíxose sobre base 7 –tal e como se sinalou-). Ao respecto
- A terceira non conformidade menor ten que ver coa análise dos resultados polo centro, en concreto, que non se evidencia que o centro recolla información e propoña accións de mellora respecto á satisfacción do PAS. **Acción correctora:** no Plan de melloras do Centro 15/16 tense incorporado unha acción de mellora específica ao respecto.

Tamén indicáronse dúas non conformidades maiores. Son as que seguen:

- A primeira, ligada aos procedementos PE02 PA05 e PA06, relativos á formación do PDI e do PAS do Centro, ten un carácter institucional e é típica de tódolos procesos de acreditación/certificación de títulos na UVigo. **Acción correctora:** no Plan de Melloras do Centro 15/16 tense incorporado unha mellora de carácter institucional deseñada pola área de calidade da UVigo dado que o Centro non posúe competencias nesta materia.
- A segunda, ligada ao procedemento PA07 de xestión e mellora dos seus recursos materiais e satisfacción dos usuarios cos servizos do Centro. **Acción correctora:** no Plan de Melloras do Centro 15/16 tense incorporado unha

- mellora do centro co obxectivo de establecer criterios específicos respecto a selección de provedores e ficha de pedidos.

Finalmente, como se pode comprobar, o citado informe sinala doce oportunidades para a mellora que serán obxecto de análise no apto. III deste informe.

5.2.4.- No que atinxe aos resultados de revisión interna, revisión pola ACSUG e acreditación das titulacións do Centro, debemos salienta que todos teñen sido conformes. Non obstante, nos diversos informes téñense sinalado oportunidades para a mellora que xa foron subsanadas ou ben incorporadas nos Plans de Mellora das diferentes titulacións no presente curso académico.

6.- Retroalimentación dos grupos de interese.

6.1.- Queixas, suxerencias e parabéns.

6.1.1.- Durante o curso 14/15 incorporamos na páxina web do Centro un apartado específico de suxestións (<http://cienciasuridicasedotrabajo.webs.uvigo.es/calidade/formulario-de-suxestions-e-queixas/>) como canle de comunicación anónima de calquera queixa, consulta ou suxestión que desexara facer calquera persoa interesada.

Ademais mantivemos o canle habitual, tal e como está previsto na nosa normativa interna de calidade –art.6- <http://cienciasuridicasedotrabajo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/08/Normativa-interna-de-calidade.pdf> que permite a presentación das mesmas a través do seu rexistro no Decanato do Centro.

6.1.2.- No seguinte cadro, xuntamos unha síntese anual dos resultados das queixas, suxerencias e parabéns presentadas con rexistro de entrada no Decanato do Centro. Ademais facemos referencia ás comunicacións entre os servizos afectados por tales queixas.

Registro Entrada	CLASF.	Descripción	ADM. TRÁMITE	ALUMNO/ PROFESOR/ PAS	TIPO DE RECLAMACION	SERVICIOS IMPLICADOS
01/09/2015	Reclamación	Dna Paula Jansén Moralejo Solicita o Título Provisional de mestrado no mes de agosto, por necesidade de traballo, asiste en tres ocasións do mes de agosto a Facultade sen poder solucionar o problema.	Si	Alumna	Expedición do Titulo Provisional de Mestrado	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
12/06/2015	Reclamación	Dna. Paula Rivera González, expón que as calificacións da materia Organización de empresas (1º RRL), deronse un día antes do peche das actas (déronse o día 11/06/2015 un día antes do peche das actas).		Alumna	Prazo suficiente entre a publicación das calificacións e o peche das actas para que se poidan levar a cabo as revisións das cualificacións.	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
15/05/2015	Comunicación	O Director da Área de Calidade resposta por correo electrónico ao escrito do 5/05/2015 e a Decana contesta por correo electrónico		Director área de calidade/Decanato	Contestación a queixa realizada pola Profa. Almudena Bergareche	Área Calidade UVigo e Decanato
5/05/2015	Comunicación	A Decana remite queixa ao Área de Calidade		Decanato	Comunicación da queixa da Profa. Almudena Bergareche	Decanato

30/04/2015	Queixa	Dna. Almudena Bergareche remite correo electrónico a Decanato comentando incidencias na celebración das enquisas	Sí	Profesora	Non celebración das enquisas cando estaban programadas	Área Calidade UVigo
24/04/2015	Comunicación	Resposta do decanato a Secretaria Xeral respecto a non asistencia do membro do estudiantado obxecto de queixas		Decanato	Comunicación de falta de asistencia do membro do alumnado obxecto de queixas	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
22/04/2015	Comunicación	Resposta da Reitoría respecto á reclamación feita con data 26/06/2015 por parte do Decanato		Secretaría Xeral	Comunicación das medidas tomadas	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Reitorado da Universidade de Vigo
26/03/2015	Reclamación	Escrito do decanato dirixido ao Reitorado, referente as condicións hixiénicas nas que asiste á aula un membro do estudiantado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. No que se expoñen as medidas levadas a cabo polo decanato e que resultaron infructuosas.		decanato	adopción das medidas oportunas por parte do Reitorado.	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Reitorado da Universidade de Vigo
19/03/2015	Queixa	As profesoras Nora María Martínez Yañez, e Pilar Trigo Gómez, reiteran e expoñen queixas sobre as condicións de hixiene mínimas e actitude por parte dunha alumna .		profesor	Reclamación por asistencia dun membro do alumnado sen condicións hixiénicas	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
17/03/2015	resposta do decanato	resposta do decanato dirixida ao membro do alumnado obxecto de queixas		decanato	Comunicación sobre as condicións mínimas de hixiene e asistencia a clase	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

16/03/2015	Queixa	As profesoras Nora Maria Martinez Yañez, e Pilar Trigo Gómez, expoñen queixas sobre as condicións de hixiene mínimas e actitude por parte dunha alumna .		profesora	Reclamación por asistencia dun membro do alumnado sen condicións hixiénicas	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
12/03/2015	Queixa	Os alumnos do curso do membro do alumnado obxecto das queixas, expoñen unhas reclamacións sobre as condicións de hixiene mínimas e actitude por parte dunha alumna .		alumnado	Reclamación por asistencia dun membro do alumnado sen condicións hixiénicas	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
30/01/2015	Solicitude traslado expediente	A alumna Laura Pedreira Estévez solicita o traslado temporal á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo desde a Facultade de Dereito de Ourense	Sí	Alumna	Traslado temporal	Vicerreitoría de estudantes e Facultade de Ciencias Xurídicas
30/10/2014	Reclamación	D. Alfonso Fernández Portas é alumno do curso complementario de RRLL e RRHH e solicita ter dereito a dúas convocatorias	Si	Alumno	Solicitude de dúas convocatorias	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
24/09/2014	Reclamación	D. Pablo José Mariño Sánchez, transmite a queixa vía a páxina web da Facultade, expón o seguinte: demasiado calor na aula A2 e non se pode abrir a fiestra, xa que está fixa.	Si	Alumno	Calor na Aula A2	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
8/09/2014	Queixa	Dna. Eva Láuzara alumna de Dereito Administrativo I do Plan a extinguir comunica certas incidencias co periodo de impartación da docencia da citada materia	Si	Alumna	Incidencias coa materia Administrativo I	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

16/07/2014	Reclamación	Dna. Tania Punzano Adrio solicita que se lle permita matricular no mestrado de avogacía por formación continua		Alumna	Posibilidade de matriculación no mestrado de avogacía por formación continua	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
14/07/2014	Reclamación	D.Agustín Francisco Bargiela, defende ás alumnas Ana Álvarez López, Lorena Senra Francisco e Jacquelin Rodríguez Nogueiras, que se lle permitan matricular do Mestrado de Avogacía por formación continua		Alumno	Posibilidade de matriculación no mestrado de avogacía por formación continua	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
11/07/2014	Reclamación	Dna Lorena Senra Francisco solicita a posibilidade de matricularse no Máster en Avogacía por formación continua.		Alumna	Posibilidade de matriculación no mestrado de avogacía por formación continua	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
08/07/2014	Reclamación	Dna. Ana Álvarez López, solicita a posibilidade de matricularse no Máster en Avogacía por formación continua.		Alumna	Posibilidade de matriculación no mestrado de avogacía por formación continua	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

III.- ACCIÓNS DE MELLORA DO SISTEMA DE GARANTÍA DE XESTIÓN DA CALIDADE

Tal e como avanzamos no punto 5.2.1 deste informe, durante a visita da auditoría externa inicial para a implantación do Sistema de Garantía de Calidade, indicáronse doce oportunidades para a mellora.As mesmas pódense consultar nas páxinas 7 e 8 do devandito <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2015/06/Informe-favorable-Certificación-SGIC-del-3-de-junio-de-20151.pdf>

Da análise de tales oportunidades, así como dos resultados das enquisas de satisfacción do curso 14/15, a dirección deste Centro, acorda:

- a) Por unha parte, establecer CINCO accións concretas de mellora directamente relacionadas co SGIC:

DENOMINACIÓN MELLORA	PROBLEMA DETECTADO	OBXECTIVO	MEDIDAS CONCRETAS EXECLUCIÓN	PRAZO MÁXIMO PARA EXECUCIÓN
Peche do ciclo de melloras continuas.	Insuficiente debate, valoración e seguimento de certas propostas na Comisión de Calidade.	Peche do ciclo de melloras continua.	Aumentaro debate e valoración de propostas na Comisión de Calidade. Fixar Compromisos e Prazos de execución nas Actas de dito órgano.	31/07/2016
Variación dos ratios dos obxectivos de calidade.	Ratios dos obxectivos de calidade calculados sobre base 7.	Variación dos ratios dos obxectivos de calidade para calculalos sobre base 5.	Revisión dos ratios dos obxectivos de calidade.	31/07/2016
Mellorar nota da xestión de calidade.	Relativo baixo nivel de satisfacción mostrado polo alumnado na enquisa do curso 2014/2015 respecto da xestión da calidade, Aínda que o índice de satisfacción do profesorado coa xestión da calidade é alto, é o apartado que recibe unha menor valoración.	Mellorar o nivel de satisfacción	Mellorar a percepción e satisfacción do alumnado coa xestión da calidade e mellorar a percepción e satisfacción do profesorado coa xestión da calidade.	31/07/2016
Implantación do procedemento de xestión dos recursos materiais.	Falta de análise e concreción de tal procedemento (PA07)	Correcta implantación do procedemento relativo os recursos materiais.	Elaborar criterios para a selección de provedores e ficha de pedido.	31/07/2016
Enquisas de satisfacción PAS.	Falta de información acerca da satisfacción do PAS (procedemento PA03)	Coñecemento das necesidades do PAS.	Solicitude dunhas enquisas de satisfacción do PAS.	31/07/2016

b) Por outra, inclúese no PAM do Centro (Anexo I deste informe) aquelas melloras previstas para o curso 15/16 nos diversos PAM dos distintos títulos. Con tal acción cumprimos cun dos obxectivos deste documento que é o de servir de compilación de tódalas melloras que afecten ao Centro. Ademais, dito PAM do Centro tamén incorpora o seguimento das accións de mellora do centro deseñadas no curso 14/15 –tal e como brevemente se avanzou no punto 2.2 deste informe.

IV.- CONCLUSIÓNS

Tralo análise de toda a información previa relacionada co funcionamento do Sistema de Garantía e a Xestión da calidade, extraemos as seguintes conclusións:

En relación coa mellora e eficacia do sistema tense comprobado unha clara preocupación da Área de Calidade da UVigo pola simplificación burocrática do sistema. En particular, coa promulgación de novos procesos e unha documentación moito mais

sinxela de uniforme. Non obstante, concluímos que aínda tense que traballar moito na eliminación de trámites que consideramos innecesarios ou, cando menos, demasiado complexos para o fin requirido.

Neste punto, a nivel interno somos conscientes da necesidade de seguir esforzándonos para acadar o verdadeiro peche do ciclo de mellora continua tal e como nos advertiron na auditoría. Consideramos que, en esencia, o peche de tal ciclo supón abordar necesariamente o resto das oportunidades para a mellora sinaladas polo equipo auditor.

Ademais consideramos fundamental transmitir e concienciar sobre unha cultura de calidade que sexa perceptible por todos os grupos de interese e pola propia sociedade.

En relación coa identificación de dificultades relevantes na xestión da calidade, consideramos que, pese a simplificación antes aludida, a xestión das titulacións e, correlativamente, a do propio sistema, precisa de persoal con certa formación. Botamos en falta accións formativas concretas sobre cuestións específicas de xestión da calidade na universidade.

Tamén deberíamos salientar a maior dificultade de certas titulacións impartidas no noso Centro (Grao en Dereito e Máster en Avogacía) que son comúns coa Facultade de Dereito de Ourense. Consideramos (e concluímos) que debemos mellorar a coordinación destas titulacións.

Finalmente, **en relación coa necesidade de recursos** concluímos que a dotación con bolseiros de calidade durante o curso académico, e un administrativo de apoio durante 2 meses, non é suficiente para atender ás necesidades que un Centro como o noso (6 titulacións) ten en materia de calidade. Aínda mais, concluímos que a política estratéxica da UVigo en materia de contratación de persoal especializado para estas materias, é totalmente errada (e errática) e que a curto prazo pode levar a un auténtico colapso do sistema.

V.- ANEXOS

ANEXO I Plan de Accións de Mellora da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.